

RESOLUCIÓN DO 2 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A LISTA DE ESPERA DA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

De acordo coas bases segunda e cuarta da resolución reitoral do 24 de xullo de 2014 pola que se convoca proceso selectivo para ampliar a lista de espera da categoría de técnico superior de tecnoloxías da información e comunicacións.

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro: Aprobar e ordenar a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas (anexo I).

Segundo: Convocar nun único chamamento a todas as persoas admitidas o 6 de maio de 2016 ás 17:00 horas na Aula 7 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo para a realización da proba.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do edificio da Xerencia, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Este recurso non poderá interporse ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación presunta.

Dilixencia para facer constar que a presente resolución se publica no taboleiro de anuncios do rexistro xeral o día 3 de marzo do 2016,
A xefa de sección de emprego e programas,

Margarita González Hernández

Vigo, 2 de marzo de 2016

O reitor,

Salustiano Mato de la Iglesia

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº 201600003695
03/03/2016 12:53:26